



## **RESOLUCIÓN CONXUNTA DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA POLA QUE SE DECLARAN ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS**

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, establece entre os seus obxectivos a mellora da formación e profesionalización do sector e, concretamente, no artigo 32.c que a administración da Xunta de Galicia velará por unha elevación da calidade dos servizos, o cal se concretará, entre outras accións en “facilitar unha maior profesionalización das persoas que traballen no sector, así como o seu acceso a unha formación continua”. Do mesmo xeito no artigo 96 establece que “promoverá o acceso á formación continua das traballadoras e traballadores do sector. Do mesmo xeito, apoiará a formación turística destinada á adquisición de novos coñecementos e tecnoloxías e á formación de formadores”.

O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, establece no seu artigo 2 entre os seus obxectivos o impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico. Igualmente no artigo 9 declara entre as súas competencias e funcións, “l. O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+I, a cooperación entre empresas e a formación” e “n. A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos”. Finalmente, no seu artigo 29 establece que, dentro da Dirección de Profesionalización, haberá unha área de Formación Continua e Consultoría, entre cuxas funcións estarán as “b) Accións formativas co sector público e privado, universidades e centros de formación turística.” e “c) Colaboración con outros departamentos da Administración autonómica e institucións de carácter público para a implantación dun plan anual de formación continua co sector.”

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (en adiante Lei 40/2015), integra as materias que demandaban unha regulación unitaria das relacións *ad intra* de cada Administración e das relacións entre elas, como a sinatura e as sedes electrónicas, o intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación e a actuación administrativa automatizada.

O artigo 41.1 da Lei 40/2015 define actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interviñese de forma directa un empregado público.

O artigo 41.2 da devandita lei determina que “en caso de actuación administrativa automatizada deberase establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a





definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se fose o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indícarase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación”.

A Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece no artigo 76.4 que as actuacións administrativas automatizadas deberán declararse mediante unha resolución conxunta do órgano competente para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte, así como do órgano responsable a efectos de impugnación. Nesta resolución se especificará a identificación de tales órganos e os sistemas de sinatura utilizados, no seu caso, para á actuación administrativa automatizada. Así mesmo o artigo 76.5 indica que se publicará na sede electrónica da Xunta de Galicia e no «Diario Oficial de Galicia» o texto íntegro das resolucións indicadas no apartado anterior.

Por todo o exposto,

#### RESOLVO:

**Primeiro.** Declarar as seguintes actuacións administrativas automatizadas a través de sistemas de información no ámbito de FORMACIÓN CONTINUA NA AXENCIA TURISMO DE GALICIA :

EMISIÓN DE CERTIFICADOS DE APROVEITAMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS REALIZADAS POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

**Segundo.** Os órganos responsables en relación coas actuacións administrativas automatizadas relacionadas no apartado anterior serán:

- a) A AXENCIA TURISMO DE GALICIA como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.
- b) A **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.
- c) A **Axencia Turismo de Galicia** como órgano responsable para os efectos de impugnación.

**Terceiro.** Autorizar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para xestionar a solicitude de creación dun selo electrónico denominado “**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**” ante a autoridade de servizos de certificación que corresponda.

A titularidade así como a responsabilidade do seu uso corresponderá a **AXENCIA TURISMO DE GALICIA**.





O selo electrónico estará baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado e as súas características técnicas xerais serán as que consten na Declaración de Prácticas de Certificación do emisor do certificado.

Os datos necesarios para acceder ao servizo de validación para a verificación do certificado estarán incluídos no certificado. Os datos que deberán constar no selo electrónico son os seguintes:

- a) NIF do organismo subscritor: **Q1500394J**
- b) Organismo subscritor: **AXENCIA TURISMO DE GALICIA**
- c) Nome do selo: **AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

**Cuarto.** Autorizar a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** para utilizar o selo electrónico denominado “**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**” para asinar as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución e a realizar as tarefas técnicas precisas para a súa implantación efectiva nos sistemas automatizados que dan soporte ás actuacións e procedementos mencionados.

**Quinto.** Autorizar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a renovación do selo electrónico “**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**” sempre e cando continúen vixentes as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución.

**Sexto.** A presente resolución producirá efectos desde o día da súa sinatura e publicárase na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela,

O Director/a da Axencia Turismo de Galicia  
Por suplencia (art.19.6 Decreto 196/2012)

Directora da Axencia para a Modernización  
Tecnolóxica de Galicia

A Xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

Mar Pereira Álvarez

